

# BACHARELATO

O esquema que aparece a continuación está elaborado a partir dos artigos 14 e 15 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG 11-2-2022)

## PROMOCIÓN DE CURSO

⇒ Promociona:

1. Alumnado que **aprobou todas as materias**.

2. Alumnado que **suspendeu 1 ou 2 materias**:

- No cómputo das 2 materias como máximo para promocionar non se contabilizan as materias específicas de libre configuración autonómica.
- Deberá realizar as actividades de seguimento, recuperación e avaliación.

## REPETICIÓN DE CURSO

● O alumnado que repite **1º curso** deberá matricularse de novo de **todas as materias**.

● O alumnado que repite **2º curso** poderá matricularse **das materias non superadas ou do curso completo**. Neste último non se manteñen as cualificacións das materias aprobadas no curso anterior

## TÍTULO DE BACHARELATO

⇒ Titula:

1. Alumnado que **aprobou todas as materias** da etapa.

2. Alumnado que **suspendeu UNHA materia**.

O equipo docente poderá decidir a titulación **sempre que se cumpran todas** as condicións seguintes:

- **Media aritmética** das materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para obter o título na modalidade pola que se remata sexa **igual ou superior a 5 puntos**.
- Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno **alcanzou as competencias e os obxectivos** vinculados a ese título.
- Que **non se produciu unha inasistencia continua e non xustificada** por parte da alumna ou do alumno **na materia**.
- Que a alumna ou o alumno **se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias** para a súa avaliación, **incluídas as da convocatoria extraordinaria**.